

Canosa leva ata A Estrada as ondas da Costa da Morte

A autora recolleu o Avelina Valladares e Rosalía Morlán fixo o manifesto das Letras

J.TRILLO-M.GONZÁLEZ
Cee/A Estrada

“Con este premio regaládesme azos que prometo devolver en forma de poesía”. María Canosa recollía na **Estrada** agradecida o XV Premio Avelina Valladares de Poesía, co que volta á lírica para maiores da man do poemario Ronca o mar. A obra, na que a autora de Cee evoca as paisaxes marítimas da Costa da Morte, será publicada por Edicións Fervenza e presentada na vindeira Festa da Poesía. Canosa participou xunto

ao alcalde Dono e a poetisa Rosalía Morlán na ofrenda floral ante o monolito de Marcial Valladares. Morlán reivindicou a fala como preciada herdanza contando a súa propia experiencia cando chegou dende a aldea a unha Compostela onde non estaba ben visto falar a lingua que escoitara dende o berce. Os actos nos xardíns seguiron coa lectura de poemas de Pereiro da man de Queremos Galego.

E en Lalín onde tamén se entregaron os premios de relato curto que levan o nome de Varela Buxán.

Fiel á tradición, **Muxía** levou a cabo na mañá de onte unha ofrenda floral ante o monumento ó poeta local Gonzalo López Abente. Pola tarde, houbo contacontos e concerto da Coral Virxe da Barca. En **Cabana de Bergantiños**, as **Letras Galegas** percorreron as parroquias de Borneiro e Canduas, onde houbo cuncioneiro, teatro e talleres de pintura.

Os veciños de Ponte do Porto, no Concello de **Camarinas**, desfrutaron coa actuación da compañía de contacontos Eduvia.



Muxía recordou a López Abente. Foto: J.Toba



Premiados no certame lalinense Foto: C.L.



Dono, á dereita, entrega o galardón a María Canosa Blanco, onte na Estrada. Foto: Sangiao